



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 30 DE XULLO DO 2020.**

**ASISTENTES:**

|   |  |
|---|--|
| <p><b>Presidente:</b><br/>D<sup>a</sup>. María José Sampedro Fernández<br/>(Alcaldesa en funcións)</p> <p><b>Membros que asisten:</b><br/>D<sup>a</sup>. Juana María Brión Santamaría<br/>D. Ramón José Doval Sampedro<br/>D<sup>a</sup>. Ana Isabel Barreiro Rego<br/>D<sup>a</sup> Elvira Pereira Ageitos<br/>D<sup>a</sup>. Ana Isabel Ruiz Reiriz<br/>D. Víctor Reiriz Lampón</p> | <p><b>Interventor:</b><br/>D. Pablo Bao Castro</p> <p><b>Secretario acctal.:</b><br/>D. José Martínez de Llano Orosa</p> <p><b>Membros que non asisten:</b><br/>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> |
|---|--|

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as dez horas do día trinta de xullo do dous mil vinte, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.**

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación

**II.- CONTRATACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.**

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 27/07/2020 **“Decreto: Aprobación do proxecto técnico das obras de “Pavimentación do vial e beirarrúas no polígono industrial de Xarás””** Expte.- 2020/C\_OB000019.





2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións, María José Sampedro Fernández **“Decreto: Aprobación do expediente de contratación das obras de “Pavimentación do vial e beirarrúas no polígono industrial de Xarás (Ribeira)””**.

#### IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Visto o escrito presentado por **Agustín Cadillo Pérez**, de data 23/07/2020 (Rexistro de entrada nº 8.878), no que solicita autorización para colocar dúas pegatinas publicitarias representativas da súa cetárea-depuradora e o seu logo de empresa no posto nº 21 da Praza de Abastos Municipal de Ribeira.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** a Agustín Cadillo Pérez a colocación de dúas pegatinas publicitarias representativas da súa cetárea-depuradora e o seu logo de empresa no posto nº 21 da Praza de Abastos Municipal de Ribeira.

#### AUTORIZACIÓN INSTALACIÓN STAND MÓBIL DE TURISMO DE GALICIA

Visto o escrito presentado pola **Concelleira Delegada de Cultura**, María José Sampedro Fernández, de data 27/07/2020, relativo á petición de Silmat 97, SL, data entrada no rexistro municipal de data 22/7/2020, interesando instalar un stand móbil de Turismo de Galicia o vindeiro martes 4 de agosto de 2020, en horario de 8.00 a 22.00 horas, no Paseo do Malecón.

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 25/07/2020

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar a instalación dun stand** móbil de Turismo de Galicia o vindeiro martes 4 de agosto de 2020, en horario de 8.00 a 22.00 horas, no Paseo do Malecón.

#### V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Isabel Casais Muñiz e José M<sup>a</sup> Álvarez González**, rexistrado de entrada o día 21 de maio de 2020 (Rexistro de entrada nº 4.196), no que solicita licenza de obras para substitución de cuberta e demolición de parcial de volume





anexo existente, sito no lugar de Carballal nº 7, Palmeira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A036015390000KP.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos con sinatura dixital de data 22 de maio de 2020 e da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 03/07/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- CONCEDER** á Sra. Isabel Casais Muñiz e Sr. José Mª Álvarez González **LICENZA DE OBRAS (Nº 23/20)** para **SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA E DEMOLICIÓN PARCIAL DE VOLUMEN ANEXO EXISTENTE**, sito no lugar de Carballal nº 7, Palmeira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A036015390000KP, nos termos do Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 29 de agosto de 2019 redactado por Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto Col. Nº 4.169).

**SEGUNDO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

**CUARTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de*





*Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*

- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**QUINTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:



| FIRMANTE - FECHA  |   | DOCUMENTO: 20200551098 |
|---|---|------------------------|
| MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 11/09/2020   | JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 14/09/2020 | Fecha: 14/09/2020      |
| serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/09/2020 10:50:49 |   | Hora: 10:47            |





- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

## 2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA OBRA - FRANCISCO JOSÉ SANTOS VIDAL.

*FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Rehabilitación, ampliación de vivenda unifamiliar de planta baixa e baixocuberta e construción de piscina.*

*CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcelo Rural B.*

*REFª CATASTRAL: 002202900MH91F0001ST.*

*SITUACIÓN: Lugar de Eirexa nº 38, Oliveira, Ribeira.*

*PROMOTOR/A: Sr. Francisco José Santos Vidal, (DNI 52.937.963-J).*

*AUTOR/A PROXECTO: Sra. Cristina Mourelle Vázquez, (arquitecto col. nº 4.857).*

*PROXECTO: Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data de 20 de xaneiro de 2020 / Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data de 16 de xuño de 2020.*

*OFICIOS: Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data de Obra 3 de febrero de 2020.*

*IFORMES / AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS: Consta resolución favorable de día 12 de maio de 2020 pola que se aproba a concesión de autorización de obra para rehabilitación, ampliación dunha edificación existente e construción dunha piscina fóra da liña límite de edificación da estrada AC-303 - Oleiros AC-550 - Corrubedo, Ribeira, P.K. 4 + 110 marxen dereita, asinado polo Sr. Felipe de la Vega Gándaras xefe do servizo da Axencia Galega de Infraestruturas, Sevizo Provincial de Coruña da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Expte IF204A- 2020/000270-1).*

*ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 163.182,68 €.*

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.-** Polo Sr. Francisco José Santos Vidal, (DNI 52.937.963-J), solicitábase, en escrito rexistrado de entrada os días 23 de xaneiro, 14 de maio, 16 e 18 de xuño de 2020, (Rexistro de entrada nº 958, 4.267, 6.238, 6.549), licenza de obras para rehabilitación, ampliación de vivenda unifamiliar de planta baixa e baixocuberta e construción de piscina, no lugar de Eirexa nº 38, Oliveira, Ribeira en parcela con refª catastral nº 002202900MH91F0001ST achegándose Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data de 20 de xaneiro de 2020, Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data de 16 de xuño de



| FIRMANTE - FECHA  |   | DOCUMENTO: 20200551098 |
|---|---|------------------------|
| MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 11/09/2020   | JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 14/09/2020 | Fecha: 14/09/2020      |
| serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/09/2020 10:50:49 |   | Hora: 10:47            |





2020 redactado polo Sra. Cristina Mourelle Vázquez, (arquitecto col. nº 4.857), resolución favorable de día 12 de maio de 2020 pola que se aproba a concesión de autorización de obra para rehabilitación, ampliación dunha edificación existente e construción dunha piscina fóra da liña límite de edificación da estrada AC-303 - Oleiros AC-550 – Corrubedo, Ribeira, P.K. 4 + 110 marxen dereita, asinado polo Sr. Felipe de la Vega Gándaras xefe do servizo da Axencia Galega de Infraestruturas, Sevizo Provincial de Coruña da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, así como Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data de Obra 3 de febreiro de 2020.

**SEGUNDO.-** Consta resolución favorable de día 12 de maio de 2020 pola que se aproba a concesión de autorización de obra para rehabilitación, ampliación dunha edificación existente e construción dunha piscina fóra da liña límite de edificación da estrada AC-303 - Oleiros AC-550 – Corrubedo, Ribeira, P.K. 4 + 110 marxen dereita, asinado polo Sr. Felipe de la Vega Gándaras xefe do servizo da Axencia Galega de Infraestruturas, Sevizo Provincial de Coruña da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

**TERCEIRO.-** O arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade emite informe con sinatura dixital o día 19 de xuño de 2020 no que analiza en **sentido favorable** o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación.

**CUARTO.-** Asimesmo a Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira na data 17 de xullo de 2020 emite informe en relación á superficie de 55,40 m<sup>2</sup> de cesión a dominio e uso público dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario municipal preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** A parcela na que se proxecta vivenda clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17 de decembro de 2002, publicado no B.O.P. de data 14 de xaneiro de 2003 e no D.O.G. do 20 de marzo de 2003, como **SOLO DENÚCLEO RURAL B.**

**SEGUNDO.-** Establece a Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento.

Respecto ao planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:

c) Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

**TERCEIRO.-** En relación co anterior establece o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Riveira.

#### Artículo 33: Suelo de núcleo rural.

1.-Constituyen esta clase de suelo los terrenos que están incluidos dentro del ámbito delimitado como Núcleo Rural por el presente Plan Xeral de Ordenación Municipal.



| FIRMANTE - FECHA  |              | DOCUMENTO: 20200551098 |
|---|--------------|------------------------|
| MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES  | - 11/09/2020 | Fecha: 14/09/2020      |
| JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES  | - 14/09/2020 | Hora: 10:47            |
| serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/09/2020 10:50:49 |              |                        |





2.-Los terrenos situados en esta clase de suelo serán destinados a los usos que guarden relación con las actividades propias del medio rural y con las necesidades de la población residente en dichos núcleos, de acuerdo con las condiciones establecidas por este Plan.

3.-Cuando se pretendan construir nuevas edificaciones o sustituir las existentes, los propietarios deberán ceder gratuitamente al Ayuntamiento los terrenos necesarios para la regularización del viario preciso y ejecutar, a su costa, la conexión con los servicios existentes en el núcleo. A estos efectos, cuando sea necesario proceder a la apertura de vías de acceso en áreas no consolidadas por la edificación, se formulará el correspondiente Plan Especial de mejora del medio rural y éstas deberán tener una anchura mínima de ocho metros.

4.-Los tipos de las construcciones habrán de ser adecuados a su condición de edificaciones propias del medio rural en que se emplazan, quedando prohibidas las características de las zonas urbanas.

#### NORMA URBANÍSTICA DEL SUELO DE NÚCLEO RURAL

##### Artículo 132: Normas generales

###### Cesiones

Cuando se pretenda construir nuevas edificaciones o sustituir las existentes, los propietarios deberán ceder gratuitamente al ayuntamiento los terrenos necesarios para la regularización del viario.

Siempre que sea necesario proceder al ensanchamiento, apertura o mejoras de las vías de acceso existentes en el suelo de núcleo rural, en áreas no consolidadas por la edificación estos deberán tener un ancho mínimo de 8 metros y en todos los casos, como mínimo, las nuevas construcciones o cierres, deberán retranquearse 4 metros del eje de la vía pública a que den frente.

En caso de ejecución de Planes Especiales de mejora de los núcleos rurales, se estará a lo dispuesto en el artículo 75.5 de la Lei do solo de Galicia.

Para los efectos de edificación todo terreno contará cuando menos con agua, energía eléctrica y evacuación de aguas residuales (colectiva o no). De no existir estos servicios, su obtención irá pareja a la construcción de la edificación. La colocación de toda fosa séptica se hará a 30 m. de cualquier pozo de agua.

###### Servicios urbanísticos

La conexión con los servicios urbanísticos existentes en el núcleo rural, para las nuevas edificaciones serán ejecutadas a costa de los promotores de las mismas.

##### Artículo 134: Norma del suelo de núcleo rural en áreas medio consolidadas. SNR-B Definición norma zonal S.N.R.-B

Comprende esta norma las áreas de suelo de los núcleos rurales anejas a las zonas consolidadas, que no llegan a definir claramente una trama de edificaciones, pero donde la edificación esta ocupado hasta un 50% de las parcelas próximas a las aldeas y lugares de origen agrario y morfología definida que constituyen la base de la trama rural.

###### Ámbito

El ámbito está definido en los planos de ordenación de los distintos núcleos.

El objeto fundamental de esta ordenanza es la conservación de la parcela, el tipo de edificación y los elementos de la jardinería existentes.

###### Obras admisibles

Serán obras preferentes las de:

- Conservación
- Consolidación
- Rehabilitación
- Restauración



#### FIRMANTE - FECHA





Permitiéndose las de reforma y ampliación y en los solares vacantes las de obra nueva.

Los proyectos realizados en los solares en los que exista una edificación antigua, mantendrán los cerramientos de piedra existentes, huecos de piedra, balcones y galerías de madera y otros elementos comunes a la arquitectura popular.

**Usos globales característicos, compatibles y prohibidos**

**Uso global:** residencial extensivo.

**Uso característico pormenorizado:** vivienda unifamiliar.

**Usos admisibles:** además del uso característico sólo se admitirán los terciarios que tengan relación de dependencia directa con el uso principal tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y agrícolas, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva conservándose la parcela y el tipo de edificación.

**Tipologías edificatorias**

La tipología edificatoria será la de vivienda unifamiliar aislada y adosada. Se mantendrá el tipo de ocupación no permitiéndose tipologías edificatorias ajenas a la estructura del núcleo.

**Parámetros de la edificación**

**Condiciones de la parcela**

**Parcela mínima:** 500 m<sup>2</sup>. no permitiéndose la ocupación de parcelas que no superen esta superficie.

**Frente mínimo:** será de 8 m. Cuando se trate de un solar entre medianeras consolidadas se permitirá la construcción siempre que el frente sea mayor de 4 m. (y se cumplan el resto de las condiciones de edificación).

**Condiciones de ocupación**

**Posición:** Se conservarán las existentes, pudiendo el Ayuntamiento establecer su reajuste o retranqueo a través de las figuras de planeamiento previstas para este fin, cuando pueda derivarse mejora para las condiciones del espacio público y para las condiciones de edificación de las parcelas.

En áreas poco consolidadas se aplicará la normativa viaria.

La edificación se situará en la parcela aislada entre medianeras, o adosada a la parcela contigua si esta dejase una medianera consolidada o previo acuerdo entre lindantes. En cualquier caso, se trata de ocultar medianeras, no creando otras nuevas bajo ningún concepto, respetando en los otros casos un mínimo de 3 metros a linderos.

**Ocupación máxima en la parcela:** La ocupación máxima será del 35% de la parcela total y con el límite de 200 m<sup>2</sup>. construidos por planta.

**Condiciones de edificabilidad.**

**Edificabilidad máxima:** 0,50 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>.

**Altura de la edificación**

**Número plantas:** bajo + una planta y aprovechamiento bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 metros. Se admite la planta sótano.

**Altura máxima:** 6,5 metros de altura.

**Altura de coronación:** 4 metros por encima de la altura máxima.

**Elementos arquitectónicos**

**Cerramientos de parcela:** Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 metro, pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1,00 m. En el caso de cierres realizados con piedra natural, la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.







**Cuerpos volados:** Se autorizan cuerpos volados como elementos exentos añadidos al cuerpo principal, como galerías y miradores.

Las dimensiones y características de estos elementos serán las definidas en las condiciones generales de edificación, permitiéndose a partir de la primera planta.

**Balcones:** No se permite sobresalir con balcones sobre los cuerpos volados. En el resto de los casos, se autorizan hasta un vuelo máximo de 60 cm con separación mínima a medianerías de la misma magnitud.

**Construcciones auxiliares:** Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, siendo obligatoriamente de una sola planta y una altura máxima de cornisa de 3,00 m., computándose su edificabilidad y ocupación a partir de 30 m<sup>2</sup>, y no pudiendo superar los 50 m<sup>2</sup>.

**Cornisas y aleros:** El vuelo máximo de aleros y cornisas será de 30 cm.

**Condiciones ambientales y estéticas.**

Los edificios quedarán integrados en la entidad de los núcleos tradicionales con volúmenes similares a los existentes.

Se conservarán los muros de piedra de cerramiento, las estructuras portantes y los huecos de piedra, los balcones y galerías tradicionales que pudieran existir.

**Cerramientos exteriores y materiales:** La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de materiales cuya entidad distorsione la armonía existente o sean de naturaleza extraña al medio, como los cerramientos de bloques sin enfoscar ni pintar que no sean de terminación para ser vistos, o los de ladrillo visto sin arraigo en el medio.

Las carpinterías podrán ser de madera, P.V.C., o de aluminio, pero en este ultimo caso se prohíben los colores metálicos anodizados, debiendo estar lacados de blanco u otro color.

**CUARTO.-** Os artigos 23 a 26 Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia definen e regulan o Solo de Núcleo Rural, establencedo o artigo 23 o seguinte:

1. Constitúen o solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais que o planeamento defina e delimite tendo en conta o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel.

2. O planeamento, en congruencia co modelo de asentamento poboacional que incorpore no estudo do medio rural, delimitará os núcleos rurais do seu ámbito de aplicación atendendo os parámetros anteriores, significadamente os antecedentes existentes de delimitacións anteriores, as súas peculiaridades urbanísticas e morfolóxicas e a súa capacidade de acollida da demanda previsible do uso residencial no medio rural. A definición do seu perímetro realizarase en función das condicións topográficas e da estrutura da propiedade e do seu nivel de integración nas dotacións e servizos existentes nel nos termos previstos nesta lei, e axustaranse ás infraestruturas e pegadas físicas dos elementos naturais existentes, sendo necesario, se é o caso, prever a total urbanización e suficiencia das redes de dotacións, comunicacións e servizos.

3. A delimitación dos núcleos rurais que o planeamento estableza virá referida a algún dos seguintes tipos básicos:

a) Núcleo rural tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a vinculación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.



FIRMANTE - FECHA





A súa delimitación realizarase atendendo a proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e a morfoloxía e as tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50 %, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros).

b) Núcleo rural común, constituído por aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pola súa trama parcelaria ou o carácter tradicional do seu viario soporte pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral establece para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.

**QUINTO.-** Establece o artigo 24 da LSG o réxime e condicións de edificación no solo de núcleo rural.

1. Os terreos que os plans xerais inclúan nas áreas delimitadas como núcleos rurais de poboación serán destinados aos usos característicos, complementarios ou compatibles coa edificación residencial no medio rural e coas necesidades da poboación residente neles.

2. Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar integralmente as existentes, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso.

3. No caso da construción de novas edificacións ou cambio de uso das existentes ou de rehabilitacións integrais, deberán ademais executar á súa costa a conexión cos servizos existentes no núcleo.

4. Poderá autorizarse a execución simultánea das obras de acometida, urbanización e edificación. O municipio deberá exixir garantías suficientes do cumprimento desta obriga.

5. Para edificar no ámbito dos núcleos rurais deberá dispoñerse de acceso rodado de uso público e executarse a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades. De non existiren, deberán resolverse por medios individuais con cargo ao promotor ou á promotora da edificación e co compromiso de conexión cando se implanten os servizos.

6. Nas áreas nas que por planeamento xeral ou especial se prevexan actuacións de carácter integral nos núcleos rurais, os propietarios ou propietarias de solo están obrigados a:

a) Ceder obrigatoria e gratuitamente ao concello o solo destinado a espazos libres, zonas verdes e equipamentos, e á administración titular correspondente, o destinado a viais.

b) Custear e, de ser o caso, executar as obras de urbanización previstas no ámbito da actuación integral.

c) Ceder obrigatoria, gratuitamente e libre de cargas ao concello o solo correspondente ao 10 % do aproveitamento urbanístico da devandita área, agás nas actuacións integrais para as que o novo plan non prevexa un incremento da superficie edificable respecto das ordenanzas tipo do núcleo. A Administración non terá que contribuír ás cargas de urbanización correspondentes aos terreos nos que se localice este aproveitamento.



FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 11/09/2020  
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 14/09/2020  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/09/2020 10:50:49





7. As novas edificacións que se pretendan situar nos núcleos rurais tradicionais identificaranse coas características propias do lugar e estarán encamiñadas a consolidar a trama rural existente. Todas elas cumprirán as seguintes condicións:

a) As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

b) O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

**SEXTO.-** O artigo 25 da LSG contempla os usos do solo de núcleo rural.

1. O planeamento urbanístico definirá os usos e as condicións de edificación admisibles nos ámbitos delimitados como núcleos rurais de poboación, con supeditación ás determinacións contidas nesta lei.

2. O uso característico das edificacións nos núcleos rurais será o residencial. Consideraranse como complementarios os usos terciarios ou produtivos, actividades turísticas e artesanais, pequenos talleres, invernadoiros e equipamentos, así como aqueles que garden relación directa cos tradicionalmente ligados ao asentamento rural de que se trate ou que dean resposta ás necesidades da poboación residente neles.

**SÉTIMO.-** O artigo 26 da LSG enumera as actuacións incompatibles.

1. Nos núcleos rurais están prohibidas as seguintes actuacións:

a) As edificacións e usos característicos das zonas urbanas e aquelas cuxa tipoloxía resulte impropia en relación coas determinacións do planeamento.

b) Os parcelamentos que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo.

c) As naves industriais.

d) Aqueles movementos de terras que supoñan unha agresión ao medio natural ou que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar.

e) A apertura de pistas, rúas ou camiños que non estean previstos no planeamento, así como a ampliación dos existentes e o derrubamento de muros tradicionais dos rúeiros ou corredoiras, agás disposición do planeamento que o autorice.

f) As novas instalacións destinadas á produción gandeira, agás as pequenas construcións artesanais ou para o autoconsumo.

g) A demolición das construcións existentes, agás nos seguintes supostos:

– Construcións que non presenten un especial valor arquitectónico, histórico ou etnográfico.

– Todos os engadidos e edificacións auxiliares que desvirtúen a tipoloxía, a forma e o volume de calquera edificación primitiva ou que polos seus materiais supoñan un efecto distorsionador para a harmonía e estética do conxunto edificatorio ou non sexan propios do asentamento rural tradicional.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, nos núcleos tradicionais estarán prohibidos:

a) As vivendas acaroadas, proxectadas en serie, de características similares e colocadas en continuidade en máis de tres unidades.

b) Os novos tendidos aéreos.

c) A execución de actuacións integrais que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo e a destrución dos valores que xustificaron a súa clasificación como tal.

**OITAVO.-** O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.





**NOVENO.-** O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data de 20 de xaneiro de 2020, Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data de 16 de xuño de 2020 redactado polo Sra. Cristina Mourelle Vázquez, (arquitecto col. nº 4.857), resolución favorable de día 12 de maio de 2020 pola que se aproba a concesión de autorización de obra para rehabilitación, ampliación dunha edificación existente e construción dunha piscina fóra da liña límite de edificación da estrada AC-303 - Oleiros AC-550 – Corrubedo, Ribeira, P.K. 4 + 110 marxen dereita, asinado polo Sr. Felipe de la Vega Gándaras xefe do servizo da Axencia Galega de Infraestruturas, Sevizo Provincial de Coruña da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, así como Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data de Obra 3 de febreiro de 2020.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

**DÉCIMO.-** O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.





Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

**DÉCIMO PRIMEIRO.-** O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

**DÉCIMO SEGUNDO.-** O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

**DÉCIMO TERCEIRO.-** Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.





h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.

i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

**DÉCIMO CUARTO.-** O Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

**DÉCIMO QUINTO.-** A Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade

**DÉCIMO SEXTO.-** O Decreto 29/2010 polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia.

**DÉCIMO SÉTIMO.-** O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

**DÉCIMO OITAVO.-** No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de día 17 de xuño de 2019.

### CONSIDERACIÓNS

**PRIMEIRA.-** Respecto ao muro de peche construído a AXI como titular da estrada AC-303 - Oleiros AC-550 – Corrubedo, Ribeira, P.K. 4 + 110 marxen dereita non solicita a súa cesión nos termos da resolución favorable de día 12 de maio de 2020 pola que se aproba a concesión de autorización de obra para rehabilitación, ampliación dunha edificación existente e construción dunha piscina fóra da liña límite de edificación da estrada AC-303 - Oleiros AC-550 – Corrubedo, Ribeira, P.K. 4 + 110 marxen dereita, asinado polo Sr. Felipe de la Vega Gándaras xefe do servizo da Axencia Galega de Infraestruturas, Sevizo Provincial de Coruña da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, polo que únicamente se cede a uso e dominio público á superficie de 55,40 m<sup>2</sup> de dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento dos viarios municipais.

Polo anteriormente exposto visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño con sinatura dixital de día 19 de xuño de 2020, visto o informe técnico favorable emitido polo enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira con sinatura dixital de día 17 de xullo de 2020, vista a resolución favorable de día 12 de maio de 2020 pola que se aproba a concesión de autorización de obra para rehabilitación, ampliación dunha edificación existente e construción dunha piscina fóra da liña límite de edificación da estrada AC-303 - Oleiros AC-550 – Corrubedo, Ribeira, P.K. 4 + 110 marxen dereita, asinado polo Sr. Felipe de la Vega Gándaras xefe do servizo da Axencia Galega de Infraestruturas, Sevizo Provincial de Coruña da Consellería de Infraestruturas e



**FIRMANTE - FECHA**





Mobilidade (Expte IF204A- 2020/000270-1) e da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 17/07/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- CONCEDER** ao Sr. Francisco José Santos Vidal, **LICENZA DE OBRAS (Nº 24/20)** para rehabilitación, ampliación de vivenda unifamiliar de planta baixa e baixocuberta e construción de piscina, no lugar de Eirexa nº 38, Olveira, Ribeira en parcela con refª catastral nº 002202900MH91F0001ST nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data de 16 de xuño de 2020 redactado polo Sra. Cristina Mourelle Vázquez, (arquitecto col. nº 4.857) así como da resolución favorable de día 12 de maio de 2020 asinado polo Sr. Felipe de la Vega Gándaras xefe do servizo da Axencia Galega de Infraestruturas, Sevizo Provincial de Coruña da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Expte IF204A-2020/000270-1:

- *As actuacións autorizadas non se poderán iniciar sen que o persoal da AXI sexa conecedor do inicio. O interesado deberá comunicar, cunha antelación mínima de dez (10) días, a dta que prevea o inicio.*
- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñeacións na franxa sita ao longo do vial municipal **cunha superficie de cesión en total de 55,40 m<sup>2</sup>***
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde**, co preceptivo visado colexial.*

**SEGUNDO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Unha vez concluída a obra o promotor/a:

- *Deberá presentar coa solicitude de licenza de primeira ocupación **a acta de conformidade emitida pola AXI en relación á correcta implantación, segundo o disposto na resolución favorable de día 12 de maio de 2020.***

**CUARTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*





- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**QUINTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra



**FIRMANTE - FECHA**







respecto ás condicións impostas na licenza, procederá a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

## VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

**1.-** Visto o escrito presentado por **Ana Belén Fungueiriño Castro**, de data 07/07/2020 (Rexistro de entrada nº 7.814), no que solicita certificación de que non infrinxe a normativa urbanística e cumpre a normativa vixente en edificación situada en Rúa Bandiarrago, 24 (Corrubedo).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 27/07/2020, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta administración infórmase que non consta pendente de resolver ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á finca con refª catastral 4036907MH9143N0001AZ, sita en Rúa Bandiarrago, 24, Corrubedo, Ribeira

**2.-** Visto o escrito presentado por **Emma Vidal Martínez**, de data 05/03/2020 (Rexistro de entrada nº 3.299), no que solicita información urbanística de parcela situada en Lugar de Fafián, polg. 17, parc. 3, Chouza, Ribeira.





**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 29/07/2020, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Ref. Catastral: 15074 A 017000030000KU

Según la *Disposición Transitoria Primera de la LEI 2/2016, do 10 de febrero, del suelo de Galicia se establece que el PXOM de Riveira, aprobado definitivamente con anterioridad a la entrada en vigor de esta ley y no adaptado a la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, conservará su vigencia hasta su revisión o adaptación a ella según las siguientes reglas:*

- a) Al suelo urbano consolidado, integrado por los terrenos que reúnan a condición de solar o que, por su grado de urbanización efectiva y asumida por el planeamiento urbanístico, puedan adquirir dicha condición mediante obras accesorias y de escasa entidad que puedan ejecutarse simultáneamente con las de edificación se aplicará lo dispuesto en ella para el suelo urbano consolidado.

Los propietarios de solo urbano tienen el derecho de completar la urbanización de los terrenos para que adquieran la condición de solar y a edificar estos en las condiciones establecidas en la LEI 2/2016 y en el planeamiento aplicable y, cuando proceda, participar en la ejecución de actuaciones de transformación urbanística en un régimen de justa distribución de beneficios e cargas.

Los propietarios de suelo urbano consolidado tienen los siguientes deberes:

- a) Ceder gratuitamente a la administración titular de la vía los terrenos destinados a viales fuera de las alineaciones establecidas en el planeamiento cuando pretendan parcelar, edificar o rehabilitar integralmente.  
b) Completar por su cuenta la urbanización necesaria para que los terrenos alcancen, si aún no la tienen, la condición de solar, en los supuestos de edificar o rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán los costes de urbanización precisos para completar os servicios urbanos e ejecutar las obras necesarias para conectar con las redes de servicios y viaria en funcionamiento.

**REQUISITOS DE LA PARCELA:**

Tendrán la condición de solar las superficies de suelo urbano legalmente divididas y aptas para la edificación que cuenten con acceso por vía pública pavimentada y servicios urbanos de abastecimiento de agua potable, evacuación de aguas residuales a la red de saneamiento, suministro de energía eléctrica y iluminación pública, en condiciones de caudal y potencia adecuadas para los usos permitidos. Se existe planeamiento, además de lo anterior, deberán estar urbanizadas de acuerdo con las alineaciones y rasantes de todas las vías a las que den frente.

**CONDICIONES DE EDIFICACIÓN PARA PARCELAS QUE ALCANCEN LA CONDICIÓN DE SOLAR:**

Las construcciones e instalaciones deberán adaptarse al ambiente en el que estén situadas, y para tal efecto:

- a) Las construcciones en lugares inmediatos a un edificio o a un conjunto de edificios de carácter histórico o tradicional deberán armonizar con él.  
b) En los lugares de paisaje abierta o natural, o en las perspectivas que ofrezcan los conjuntos urbanos de características históricas o tradicionales y en las inmediaciones de las carreteras o caminos de trayecto pintoresco, no se permitirá que la situación, masa o altura de las construcciones, muros y cerramientos, o la instalación de otros elementos, limiten el campo visual para contemplar las bellezas naturales, rompan la armonía del paisaje, desfiguren la perspectiva propia de ella o limiten o impidan la contemplación del conjunto.  
c) La tipología de las construcciones y los materiales y colores empleados deberán favorecer la integración en el contorno inmediato y en el paisaje.  
d) Las construcciones deberán presentar todos sus paramentos exteriores y cubiertas totalmente terminados.





- e) Queda prohibida la publicidad estática que por sus dimensiones, localización o colorido no cumpla las anteriores prescripciones.
- f) En las zonas de flujo preferente y en las áreas amenazadas por graves riesgos naturales o tecnológicos como explosión, incendio, contaminación, hundimiento u otros análogos solo se permitirán as construcciones y usos admitidos por las legislaciones sectoriales correspondientes.

-La **parcela está situada en suelo URBANO Ordenanza 6.3- Residencial extensiva unifamiliar aislada** según el vigente Plan General de Ordenación municipal (PXOM), aprobado definitivamente en acuerdo plenario de la Corporación de 17/12/02, cuyas condiciones se especifican a continuación:

**ARTICULO 157: ORDENANZA 6.3- RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR AISLADA.**

**1. Definición y ámbito**

Comprende esta Ordenanza las áreas de suelo urbano menos densificados de los núcleos urbanos en contacto con las direcciones de carretera y calles definidas en los Planos de Ordenación, en la que se localizan viviendas unifamiliares aisladas con jardines en la parte de su parcela no edificada.

**1.1. Obras admisibles**

Son admisibles todo tipo de obra de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nueva planta

**1.2. Usos globales**

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar.

Usos admisibles: Sólo se admitirán además del uso característico las terciarias que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y del sector primario, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva, conservándose la parcela y el tipo de edificación.

**1.3 Tipologías edificatorias**

La tipología edificatoria es la de vivienda unifamiliar aislada.

**1.4. Normativa sectorial**

Cada uso que se incluye en la edificación deberá estar sujeto a la normativa sectorial que le afecte. El uso residencial queda regulado globalmente por las condiciones de habitabilidad del Decreto 311/1992.

**2. Parámetros de la edificación**

**2.1. Condiciones de la parcela**

Parcela mínima:      Tipo A:      500 m2.  
   Tipo B:      1.000 m2.  
   Tipo C:      1.000 m2.

Frente mínimo: 12 metros.



**FIRMANTE - FECHA**





Condiciones de forma: La forma de la parcela permitirá la inscripción de una circunferencia de 12 m. de diámetro.

#### 2.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima de la parcela: Tipo A-B-C 30%.

Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos: 3 metros y a las vías la establecida en estas normas.

#### 2.3. Condiciones de volúmen

Edificabilidad máxima: Tipo A: 0,8 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>  
Tipo B: 0,4 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>  
Tipo C: 0,4 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>

Computando a estos efectos la planta semisótano a partir de una altura sobre rasante de 1 metro.

Altura de la edificación:

Nº plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 m. Se admite la planta sótano.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coronación: 4,0 m. desde el último forjado.

Los porches abiertos computarán a efectos de edificabilidad la mitad de su superficie siempre que tengan una profundidad mayor que 1 metro.

Las terrazas computarán siempre la mitad de su superficie.

#### 2.4. Elementos arquitectónicos

Cerramiento de parcelas: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 m. pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1 metro. En el caso de cierres realizados con piedra natural la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, computando edificabilidad y ocupación. Siempre en una sola planta, con una altura máxima de 3 metros, en el caso de superar los 15 m<sup>2</sup>, solo se autorizaran si existe la edificación principal.

Cuerpos volados cerrados: Se autorizan vuelos sobre las fachadas con una dimensión máxima de 0,9 m. debiendo ser acristaladas en un 50% de su superficie.

Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0,4 metros.

Balcones y terrazas: En los cuerpos volados no se autorizará a sobresalir sobre el vuelo permitido con balcones y terrazas. En el resto de los casos su dimensión máxima será de 0,6 m.

Cubiertas: Igual que ordenanza 6.1.

#### 2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.





Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de más de dos materiales en fachada, adoptando soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

Conservación de las masas arbóreas: Las edificaciones de la parcela tipo c, deberán conservar las masas arbóreas, permitiéndose talar únicamente el espacio necesario para las edificaciones de nueva planta.

#### VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

**1.- Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. CÉSAR JOSÉ AYASO SOBRIDO, por danos no vehículo matrícula 5814HVZ, ocasionados durante as labores de desbroce dos operarios municipais. Expediente RP/9/2019.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. CÉSAR JOSÉ AYASO SOBRIDO**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

#### FEITOS

*Primeiro*.- O día 27 de febreiro de 2019, o vehículo marca Ford, modelo Galaxi, con placas de matrícula 5814HVZ, propiedade de D. César José Ayaso Sobrido, con DNI número 52931586F, atopábase estacionado no lugar de Sirves, parroquia de de Olveira, á altura do





establecemento de materiais de construción Juan Pego, cando, de súpeto, bateu contra o mesmo unha pedra por mor das labores de desbroce que neses intres estaban a realizar varios operarios municipais, producíndose danos no citado automóbil.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 25/04/2019 co número 5.853, o Sr. Ayaso Sobrido, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira demandando o abono da reparación dos danos ocasionados que cuantifican na contía total de 1.332,05 euros, segundo informe pericial realizado.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple do informe pericial dos danos do vehículo; copia simple do informe realizado pola Policía local do Concello de Ribeira por mor do sinistro; catro fotografías dos danos sufridos polo vehículo; copia simple do DNI do reclamante; e copia simple do seu permiso de circulación.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Certificado de titularidade do vehículo emitido pola Xefatura Provincial de Tráfico de A Coruña, rexistrado de entrada na data 23/07/2019.
- Escrito presentado polo reclamante, rexistrado de entrada na data 28/08/2019, co número 11.974.
- Informe emitido na data 25/10/2019 pola Policía local.
- Informe emitido na data 28/10/2019 polo capataz do servizo municipal de xardinería.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que o reclamante presentou escrito de alegacións (Rexistrado de entrada na data 30/01/2020 co número 1.299).

Neste trámite de audiencia o recorrente insiste en afirmar que o informe da policía local que consta no expediente resulta incompleto no que se refire aos danos sufridos polo seu vehículo, xa que soamente fai mención ós danos na lúa, e non aos danos de pintura pola proxección de fragmentos de pedra sobre a defensa e o capó que lle foron sinalados aos axentes que interviñeron no accidente, polo que solicita que se acheguen as fotografías realizadas pola Policía local na que se poderían apreciar os danos sufridos no vehículo da súa propiedade.

Quinto.- Como consecuencia do escrito de alegacións presentado polo reclamante, solicitouse informe á Policía local do Concello de Ribeira, que foi emitido na data 28/06/2020.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

### Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.





### Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

### Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.



#### FIRMANTE - FECHA





Por outra banda, **ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación ao ser o propietario do vehículo que resultou danado, e polo tanto quen ten que asumir o custo da súa reparación**, tal e como queda acreditado no certificado de titularidade do vehículo emitido pola Xefatura Provincial de Tráfico de A Coruña, rexistrado de entrada na data 23/07/2019.

**A lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Ribeira**, que ten competencia propia en materia de parques e xardíns públicos, de conformidade co artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo marca Ford, modelo Galaxi, con placas de matrícula 5814HVZ. Así se deduce do informe pericial que achega o reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto o reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de xardinería.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Ribeira tivo constancia dos feitos polos que se reclama, polo que puido comprobar a veracidade dos mesmos.** Así no informe emitido na data do sinistro, dispónse o seguinte: *“(…) Que sobre las 15:25 horas del día 27 de febrero de 2019 se recibe una llamada telefónica, comunicando que en Sirves Olveira a la altura de materiales de construcción Juan Pego, resultaron dañados 5 vehículos que estaban estacionados, cuando se encontraban jardineros del ayuntamiento realizando trabajos de desbroce. Personadas en el lugar y realizada la inspección ocular se pudo apreciar que resultaron 5 vehículos dañados en las lunas delanteras y son los siguientes: (...) FORD GALAXI con placa de matrícula 5814HVZ, propietario y tomador César José Ayaso Sobrido, D.N.I.: 52.931.586F, con domicilio en Miñoteiro nº 36 Palmeira-Ribeira, seguro en Mapfre número de póliza 197550014601. Se presenta en el lugar el responsable capataz de jardinería del Ayuntamiento Vicente Alberto Sieira Cores manifestando que hoy sobre las 13:30 horas estuvieron realizando trabajos de jardinería en el césped al lado de los vehículos implicados. (...)”*
- O referido informe é ratificado pola Policía local na súa totalidade, no informe emitido na data 25/10/2019 a solicitude desta instrutora, no que se dispón o seguinte: *“(…) La agente actuante con número profesional 239026, se ratifica en el informe remitido en su día con número de salida 245/2019, como consecuencia de los daños causados por operarios de jardinería cuando se encontraban realizando trabajos de desbroce en el lugar de Olveira. Se tiene constancia de los hechos por la inspección realizada y la manifestación del responsable capataz de jardinería del Concello de Ribeira, que ratificó en el lugar de los hechos, se estuvieron realizando trabajos de desbroce por parte de los jardineros municipales en el lugar de Olveira, al lado de un estacionamiento permitido y delimitado. Sobre el tercer punto que se solicita, se pudo observar que se produjeron daños en la luneta delantera consistentes en varias microroturas.”*



FIRMANTE - FECHA







- **O capataz do servizo municipal de xardinería en informe emitido na data 28/10/2019 deixa constancia de que se tivo coñecementos dos feitos polos que se reclama, manifestando a veracidade dos mesmos:** *“Que na data 27/02/2019 estiveron traballando no lugar de Sirves, parroquia de Olveira, preto do polideportivo municipal, realizando labores de desbroze, advertindo que durante as referidas labores un dos operarios que estaba utilizando a máquina desbrozadora, colleu unha pedra que saltou cara o vehículo marca Ford Galaxy, matrícula 5814HVZ, que se atopaba na zona, batendo contra o mesmo e ocasionándolle danos na luna dianteira. Non se ten nada mais que engadir ao respecto.”*

Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos sufridos no vehículo marca Ford Galaxy, con placas de matrícula 5814HVZ, propiedade de D. César José Ayaso Sobrido e o funcionamento do servizo municipal de xardinería. Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada polo reclamante.

Respecto ao **quantum a indemnizar**, estímase en 1.332,02 euros, máis os xuros legais que correspondan, por vir así confirmado en informe emitido posteriormente pola Policía local, que os danos causados non foron soamente na lú dianteira do automóbil, senón tamén na pintura da defensa e do capó do vehículo: *“(…) Sobre las alegaciones presentadas, se pudo observar que se produjeron daños en la luneta delantera consistentes en varias microroturas y varias proyecciones de fragmentos de piedra sobre la defensa y el capó del vehículo.”* (Informe Policía Local de data 28/06/2020).

*Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola instrutora do expediente, María Sieira Ríos, de data 23/07/2020, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:***

**Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. César José Ayaso Sobrido, polos motivos e fundamentos antes expostos, na contía de 1.332,02, que se abonará da forma seguinte:** o Concello de Ribeira abonará a contía de 150 euros, que é a franquicia establecida nas condicións da póliza de seguro suscrita polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas, e a aseguradora abonará a contía restante, isto é, 1.182,02 euros, mais os xuros legais que correspondan.

## 2.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D<sup>a</sup> PAULA CALO FERNÁNDEZ POLAS LESIÓNS SUFRIDAS POR MOR DUNHA CAÍDA NA PRAZA DE COMPOSTELA. Expediente RP/18/2019.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D<sup>a</sup> Paula Calo Fernández**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos e lesións sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

### FEITOS

**Primeiro.-** Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 11/12/2019 co número 17.183, D<sup>a</sup> Paula Calo Fernández, promove reclamación de responsabilidade patrimonial





ante o Concello de Ribeira, polos danos sufridos por unha caída na Praza de Compostela ao tropezar cunha lousa de pedra.

Segundo.- Por Decreto da Alcaldía de data 29/01/2020, resolvese admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Ribeira. Así mesmo, comunícase á interesada que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e 67.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que non especifica a data na que tivo lugar o accidente e a avaliación económica das responsabilidade patrimonial, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles, contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta do referido requisito, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistida da súa petición.

Terceiro.- Consta no expediente que a notificación do Decreto de data 29 de xaneiro de 2020, foi practicada á reclamante na data 17 de febreiro de 2020.

Cuarto.- Á data de emisión desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte da reclamante se procedera á emenda do referido requisito.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

Segundo.- Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Terceiro.- O artigo 68.1 da Lei 39/2015 dispón que: *“Si la solicitud de iniciación no reúne los requisitos que señala el artículo 66, y, en su caso, los que señala el artículo 67 u otros exigidos por la legislación específica aplicable, se requerirá al interesado para que, en un plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 21.”*

Cuarto.- No caso que nos ocupa, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado á interesada, coa indicación esixida no artigo 68.1 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se producise a emenda requirida.

Quinto.- O artigo 21 da Lei 39/2015, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

*Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola instrutora do expediente, María Sieira Ríos, de data 28/07/2020, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:***

**Ter por desistida da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a D<sup>a</sup> Paula Calo Fernández,** formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data





11/12/2019, co número 17.183, e declarar concluso o devandito procedemento, ao non producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 29/01/2020, notificado na data 17/02/2020. Todo elo, de conformidade cos artigos 21 e 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**3.- Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. ALBANO RUIZ JURADO, en nome e representación de D. MIGUEL TUBÍO GONZÁLEZ, por danos no vehículo matrícula 2514 HMB, ocasionados ao bater contra un obxecto de ferro cando circulaba pola Rúa Portugal. Expediente RP/11/2019.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. ALBANO RUIZ JURADO**, en nome e representación de **D. MIGUEL TUBÍO GONZÁLEZ** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

#### FEITOS

Primeiro.- O día 21 de abril de 2019, o vehículo marca BMW, modelo 116D, con placas de matrícula 2514HMB, propiedade de D. Miguel Tubío González, con DNI número 52935018N, ía circulando pola Rúa Portugal conducido pola Sra. Ana Otero Pérez, cando, ao virar á esquerda cara a Praza de Pontevedra, bateu cun obxecto de ferro suxeito ao pavimento, producíndose danos no citado automóbil.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 17/06/2019 co número 8.472, o Sr. Tubío González, representado polo Sr. Ruiz Jurado, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira demandando o abono da reparación dos danos ocasionados que cuantifican na contía total de 2.330,68 euros, segundo informe pericial realizado.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: escrito de autorización da representación coa que se actúa; escrito de non indemnización recibida polo Sr. Tubío González; permiso de circulación; ficha técnica do vehículo; tarxeta de inspección técnica de vehículos; copia do atestado emitido pola Policía local de Ribeira; declaración de testemuña; varias fotografías; e informe pericial dos danos sufridos polo vehículo.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Certificado de titularidade do vehículo emitido pola Xefatura Provincial de Tráfico de A Coruña, rexistrado de entrada na data 02/08/2019.
- Informe emitido na data 21/08/2019 pola Policía local.
- Informe emitido na data 10/02/2020 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións polos interesados no expediente.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-**





A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

### Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto



#### FIRMANTE - FECHA





lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

**Cuarto.-**

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, **ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación ao ser o propietario do vehículo que resultou danado, e polo tanto quen ten que asumir o custo da súa reparación**, tal e como queda acreditado no certificado de titularidade do vehículo emitido pola Xefatura Provincial de Tráfico de A Coruña, rexistrado de entrada na data 02/08/2019.

Actúa representado por D. Albano Ruiz Jurado, que acredita correctamente a súa representación.

**A lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Ribeira**, por ser o titular da rúa na que ocorreu o accidente, e, polo tanto, ser a Administración responsable da vixilancia e conservación da mesma, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.1 d) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios teñen competencia en materia de *“infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”*, debendo prestar, en todo caso, o servizo de *“pavimentación de vías públicas urbanas”*, o que necesariamente inclúe o seu mantemento.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo marca BMW, modelo 116D, con placas de matrícula 2514HMH. Así se deduce do informe pericial que achega o reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto o reclamante conecta os mesmos ao deficiente mantemento da vía pública na que tivo lugar o sinistro.**

Daquela, sobre a Administración pesa o deber ineludible de mante-las vías que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento a favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial; e este deber obriga a Administración a reparalas consecuencias danosas dos eventos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela esta obrigada a garantir.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Ribeira tivo constancia dos feitos polos que se reclama, polo que puido comprobar a veracidade dos mesmos.** Así no informe emitido como consecuencia do sinistro, dispónse o seguinte: *“(…) Siendo las 22:15 horas del día 21 de abril de 2019, tuve conocimiento a través de llamada telefónica de un particular, comunicando que en la vía pública, en las inmediaciones de la Plaza de Pontevedra, casco urbano de Ribeira, se había producido un accidente de circulación, por lo que acto seguido, el agente arriba identificado se traslada al citado lugar con el vehículo oficial adjudicado al servicio, personándose en el mismo a las 22.25 horas del mismo día. En el momento de la comparecencia, se encontraban*





*en el lugar reseñado, la conductora del vehículo implicado en el accidente (...). La conductora en caliente manifiesta que acabada de salir de trabajar en la Residencia de mayores, y que se dirigía en su vehículo a su domicilio en Pobra do Caramiñal, circulando por la Rúa Portugal en sentido Plaza Pontevedra, cuando al girar a la izquierda de repente chocó contra un objeto, al apearse del vehículo observó que el objeto con el que había chocado resultaba ser unos hierros anclados sobre el pavimento asfáltico. Así mismo, dice que no era la primera vez que circulaba por esa zona, la iluminación existente en la zona era insuficiente, y circulaba con las luces de cruce del vehículo encendidas, pero aun así no pudo ver los hierros con los que había chocado. A la llegada del agente actuante, el vehículo, marca BMW, modelo 116D, matrícula 2514HMB, implicado en el accidente se hallaba situado en el margen izquierdo del carril de circulación con la parte delantera izquierda invadiendo parcialmente las marcas viales de delimitación de plazas para estacionamiento en batería oblicua y marca vial longitudinal continua de contorno de isleta infranqueable, indicando los límites de una zona de calzada excluida al tráfico, quedando orientado sentido Plaza Pontevedra, tal y con se indica gráficamente en las imágenes adjuntas.(...)”*

- **O referido informe é ratificado pola Policía local na súa totalidade**, no informe emitido na data 21/08/2019 a solicitude desta instrutora, no que se dispón o seguinte: *“(...) El agente interviniente se afirma y ratifica en el informe realizado el día 26 de abril de 2019. (...) En la calzada excluida al tráfico, existe un obstáculo, consistente en hierros anclados al pavimento asfáltico, pintados con franjas rojas y blancas, no reflectantes, con el fin de proteger señalización vertical de tráfico, actualmente carece de señalización vertical de tráfico por rotura de la misma.*
- No departamento de obras públicas non se ten constancia do accidente polo que se reclama, como así afirma a enxeñeira municipal no seu informe emitido na data 10/02/2020, no que tamén engade o seguinte: *“La Plaza de Pontevedra, es una plaza destinada al aparcamiento de vehículos, en buen estado general de conservación y en condiciones adecuadas para la circulación. En ella aparecen delimitadas con las correspondientes líneas blancas, las plazas de aparcamiento y la zona de circulación. **En el extremo de unas de las zonas destinadas a aparcamiento existe una isleta, también delimitada con la correspondiente marca vial longitudinal continua, que indica los límites de una zona de calzada excluida al tráfico. En esta isleta era donde se encontraba la base de hierro con la que el vehículo del Sr. Tubío González tendría impactado, ya que, a pesar de que en la fecha de este informe la base de hierro ya se ha retirado, resulta clara su localización fuera del espacio destinado a la conducción, según consta tanto en el informe emitido por la Policía local como por las fotografías que aporta el reclamante. Es decir, su ubicación estaba fuera de la línea de rodadura que marca el perímetro de la calzada. Esta base de hierro, cuyo fin era proteger la señalización vertical de tráfico, no tenía elementos reflectantes, tal y como informa la Policía local y se puede apreciar en las fotografías que constan en el expediente, pero hay que advertir que esta es una zona correctamente iluminada, en la que existen farolas a un lado y a otro de la calzada.**”*



**FIRMANTE - FECHA**





Así, o exame dos informes emitidos pola Policía local e das fotografías que constan nos mesmos ilustra suficientemente sobre a verdadeira situación dos ferros suxeitos ao pavimento asfáltico, contra o que o vehículo do reclamante tería chocado, que están situados fóra do espazo destinado á condución, polo que non é extensible a protección do antedito principio de confianza ás incidentais consecuencias lesivas que para os vehículos poida supoñe-la presenza daqueles nas inmediacións da vía pública.

Daquela, a localización dos ferros fora da zona de circulación non pode vincularse, en ningún caso, co funcionamento do servizo de mantemento da vía pública, que resulta selo afectado pola reclamación presentada, por non tratarse dun obstáculo existente nun espazo dedicado ó tránsito de vehículos que aquel está encargado de protexer e conservar.

Polo tanto, **conclúese que non resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos sufridos no vehículo marca BMW, modelo 116D, con placas de matrícula 2514HMB, propiedade de D. Miguel Tubío González e o funcionamento do servizo municipal de mantemento das vías públicas. Como consecuencia debe desestimarse a reclamación presentada polo reclamante.

*Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola instrutora do expediente, María Sieira Ríos, de data 28/07/2020, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:***

**Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Albano Ruiz Jurado, en nome e representación de D. Miguel Tubío González, polos motivos e fundamentos antes expostos.**

#### XI.- VAOS PERMANENTES.

Visto o escrito presentado por **Manuel Ramallo Pérez**, de data 24/05/2017 (Rexistro xeral de entrada nº 8.393), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado no Lugar de Touro, nº 55A, Ribeira.

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe de data 26/07/2020 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**Conceder a Manuel Ramallo Pérez** autorización para a instalación dun senal de vao permanente (6,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmovible situado no Lugar de Touro, nº 55A, Ribeira, según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*





## XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Visto o escrito presentado polo **Concelleiro de Turismo e Comercio**, Ramón José Doval Sampedro, de data 28/07/2020, relativo á celebración da Feira “Viamare Stock e Degustación de Produtos do Mar”, os días 14, 15 e 16/08/2020, con haimas localizadas na Avenida do Malecón (Ribeira), organizada pola Asociación de Empresarios de Ribeira.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da Feira “Viamare Stock e Degustación de Produtos do Mar”, os días 14, 15 e 16/08/2020, con haimas localizadas na Avenida do Malecón (Ribeira), organizada pola Asociación de Empresarios de Ribeira.
- Solicitar no seu nome (Asociación de Empresarios de Riveira) ante Portos de Galicia, a ocupación temporal de aproximadamente 850 m<sup>2</sup> no Malecón de Ribeira (preto de capitanía) para colocar haimas de 5 x 5 cada unha delas (no aproximado de haimas entre 19 e 23), iniciando a montaxe o día 11 de agosto e a retirada o 17 de agosto, e sen perxuízo de repercutir as taxas que puideran derivarse desta ocupación á entidade organizadora (Asociación de empresarios de Riveira).

## APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DIFICULTADE ECONÓMICA COMO CONSECUCENCIA DO IMPACTO ECONÓMICO PROVOCADO POLA CRISE SANITARIA DO COVID-16

Vista a proposta de Ana Isabel Ruiz Reiriz, con DNI: 52.456.720-E, Concelleira delegada de, Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, de data 27/07/2020, na que solicita a concesión de axudas e a correspondente aprobación do gasto relativo á **convocatoria de axudas de emerxencia a persoas en situación de dificultade económica como consecuencia do impacto económico provocado pola crise sanitaria do COVID-16 no municipio de Ribeira publicada no BOP 88 do 16/06/2020**.

Visto o informe favorable emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 28/07/2020.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA** a concesión e a aprobación do gasto das solicitudes de axudas de emerxencia a persoas en situación de dificultade económica como consecuencia do impacto económico provocado pola crise sanitaria do COVID-16 no municipio de Ribeira a favor de:







LIÑA 1

| Nº REXISTRO | NOME  | APELIDOS | DNI   | CUMPLE REQUISITOS SI/NON MOTIVACIÓN | CONTIA CONCEDIDA |
|-------------|-------|----------|-------|-------------------------------------|------------------|
| 7058        | ----- | -----    | ----- | SI                                  | 250,00 €         |
| 7029        | ----- | -----    | ----- | SI                                  | 250,00 €         |
| 7028        | ----- | -----    | ----- | SI                                  | 250,00 €         |
| 6847        | ----- | -----    | ----- | SI                                  | 250,00 €         |
| 6642        | ----- | -----    | ----- | SI                                  | 250,00 €         |
| 6602        | ----- | -----    | ----- | SI                                  | 125,00 €         |
| 6396        | ----- | -----    | ----- | SI                                  | 250,00 €         |
| 6395        | ----- | -----    | ----- | SI                                  | 250,00 €         |
| 6302        | ----- | -----    | ----- | SI                                  | 250,00 €         |
| 7381        | ----- | -----    | ----- | SI                                  | 125,00 €         |
| 7337        | ----- | -----    | ----- | SI                                  | 250,00 €         |

LIÑA 2

| Nº REXISTRO | NOME  | APELIDOS | DNI   | CUMPLE REQUISITOS SI/NON MOTIVACION       | CONTIA CONCEDIDA |
|-------------|-------|----------|-------|---|------------------|
| 7194        | ----- | -----    | ----- | SI  | 75,00 €          |
| 7158        | ----- | -----    | ----- | SI  | 150,00 €         |
| 7140        | ----- | -----    | ----- | SI  | 75,00 €          |
| 7038        | ----- | -----    | ----- | SI  | 150,00 €         |
| 7027        | ----- | -----    | ----- | SI  | 150,00 €         |
| 7024        | ----- | -----    | ----- | SI  | 150,00 €         |
| 6944        | ----- | -----    | ----- | SI  | 150,00 €         |
| 6896        | ----- | -----    | ----- | SI  | 150,00 €         |
| 6410        | ----- | -----    | ----- | SI  | 150,00 €         |
| 7344        | ----- | -----    | ----- | NON CUMPRE REQUISITOS (NON SEGUE EN ERTE) |                  |





|      |       |       |       |   |          |
|------|-------|-------|-------|---|----------|
| 7343 | ----- | ----- | ----- | NON CUMPRE<br>REQUISITOS (NON<br>SEGUE EN ERTE) |          |
| 7279 | ----- | ----- | ----- | SI  | 150,00 € |
| 7232 | ----- | ----- | ----- | SI  | 150,00 € |

**IMPORTE DAS AXUDAS:**

LIÑA 1: 2.500€

LIÑA 2: 1.500€

**IMPORTE TOTAL: 4.000€**

**SOLICITUDE AUTORIZACIÓN INSTALACIÓN RASTRILLO DE ANTIGÜEDADES**

Dase conta e lectura á Xunta de Goberno Local dunha solicitude da Sra. Concelleira delegada de Cultura do seguinte tenor literal:

*“María José Sampedro Fernández, Concelleira delegada de Cultura do Concello de Ribeira,*

**EXPOÑO:**

- Recíbese petición de José Antonio Giménez Martínez, data entrada no rexistromunicipal de data 23/6/2020, interesando instalar un rastrillo de antigüedades o vindeiro domingo 9 de agosto de 2020 na Praza do Concello de Ribeira, en horario de 9.00 a 21.00 horas, cunha ocupación de 50 metros.
- Con data de 14/7/2020 achega no enderezo do correo electrónico de culturaefestexos@ribeira.gal plano gráfico de disposición orientativa dos 12 postos.
- Petición e plano é remitido á Policía Local que emite informe que se achega xunto a esta proposta, data do informe de 23/7/2020.
- Trátase dunha feira que vén celebrándose en Ribeira un domingo de agosto de cada ano.

Por isto INFORMO

Que dende a área municipal de cultura non existe inconvincente para que poida ter lugar a celebración do rastrillo de antigüedades na ubicación sinalada en plano gráfico presentado polo interesado, o domingo 9 de agosto de 2020 solicitado por José Antonio Giménez Martínez.

En consecuencia, á vista da presente e informe da Policía local

**SOLICITO á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo que estime oportuno.**

Ribeira, na data da sinatura dixital

A Concelleira delegada de cultura  
Asdo. María José Sampedro Fernández”



**FIRMANTE - FECHA**





Enterados/as os/as sres/as concelleiros/as do contido da solicitude, vistos os informes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación da Alcaldía de data 17 de xuño de 2019, acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

**Primeiro:**-Aprobala solicitude transcrita, quedando convertida en acordo en todos os seus termos.

**Segundo:**-Comunicalo presente acordo ó Departamento Municipal de Cultura e á Policía Local para a súa constancia e efectos.

**Terceiro:**-Facultar á Sra. Concelleira Delegada de Cultura tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

**CONCESIÓN DE ACHEGAS AOS BENEFICIARIOS DOS BONOS CORRESPONDENTES ÁS SOLICITUDES RECIBIDAS NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO DE RIBEIRA ATA DO 21/07/2020 AO 26/07/2020. Programa de axudas Bono Concilia CampaRibeira Verán 2020.**

Conforme Decreto de Alcaldía de 19 de xuño de 2020, polo que se convoca o programa de axudas “Bono Concilia CampaRibeira verán 2020” publicado no Boletín Oficial da Provincia número 94 de 25/6/2020.

Vista a proposta presentada pola Concelleira delegada de cultura, María José Sampedro Fernández, de data 28/07/2020, na que se propón a concesión de bonos correspondentes ás solicitudes que foron recibidas no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira entre os días 21/07/2020 e 26/07/2020.

Vista a documentación que obra no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**CONCESIÓN DE BONOS** a os seguintes solicitantes:

| IDENTIFICACIÓN DO SOLICITANTE | FILLOS/AS<br>Data de nacemento | MESES<br>Duración<br>en horas | EMPRESA<br>MATRICULA | BONO                       |
|-------------------------------|--------------------------------|-------------------------------|----------------------|----------------------------|
| Alicia Romero Ríos<br>A       | P.V.R.<br>07/08/2016           | Xullo e agosto<br>8.00-14.00h | Fit Natural<br>Sport | 230,00€<br><b>115,00 €</b> |
| Alicia Romero Ríos<br>A       | M.V.R.<br>01/09/2008           | Xullo e agosto<br>8.00-14.00h | Fit Natural<br>Sport | 230,00€<br><b>115,00 €</b> |
| Diana Domínguez Lampón<br>A   | M.C.D.<br>09/12/2014           | Xullo e agosto<br>8.00-14.00h | Fit Natural<br>Sport | 300,00€<br><b>150,00 €</b> |
| Beatriz Vizcaya Vázquez<br>A  | M.F.V.<br>10/02/2014           | Agosto<br>9.00-14.00h         | GLOBIOCIO            | 130,00€<br><b>65,00 €</b>  |

**Notificar este acordo aos interesados e poñer no seu coñecemento que:**

A subvención concedida condiciónase ao cumprimento dos requisitos establecidos na Bases aprobadas por Decreto de Alcaldía de 19 de xuño de 2020, polo que se convoca o programa de axudas “Bono Concilia CampaRibeira verán 2020” publicado no Boletín Oficial da Provincia número 94 de 25/6/2020.





Artigo 16. Pagamento

1. Non se abonará cantidade algunha aos beneficiarios solicitantes, xa que a cantidade concedida será directamente abonada á empresa ou profesional autónomo que organizase o campamento obxecto da solicitude, sendo descontada do prezo da actividade contratada a pagar polo solicitante. O pagamento será realizado polo Concello de Ribeira a través de transferencia bancaria, de xeito mensual, nun único pago total correspondente a todas as axudas desa mensuralidade que figurasen aprobadas polo órgano competente e previa presentación de factura por parte do empresario adherido a este programa de bonos.
2. (...)
3. Nas facturas presentadas polas empresas deberán figurar expresamente identificación (nome e DNI/NIE) da persoa beneficiaria da axuda e do/s neno/s ou nena/s que recibe/n o servizo e os días e horarios nos que se prestou así como os datos fiscais do expedidor, cos importes individuais de cada beneficiario e o importe total a abonar, así como IBAN para a transferencia. Deberá estar dirixida ao Concello de Ribeira e constar que será con cargo ao programa BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2020. **O límite máximo para a presentación das facturas será o 30 de novembro do presente 2020.**

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario acctal., dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

**A Alcaldesa en funcións**  
**María José Sampedro Fernández**

**Dou fe, o secretario acctal.**  
**José Martínez de Llano Orosa**

